



Confraría de O Barqueiro

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE CELEIRO-LUGO POLA QUE SE CONCEDE A RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓNS DE MARISQUEO A PÉ NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL DA CONFRARÍA DE O BARQUEIRO.

Asunto: permiso de explotación

Procedemento: renovación do permiso

Antecedentes

1. Por Resolución do 5 de xuño de 2024 do Departamento Territorial de Celeiro-Lugo abriuse o prazo para a presentación de solicitudes para a renovación dos permisos de explotación a pé modalidade de Marisqueo xeral no ámbito da Confraría de O Barqueiro.
2. Dentro do prazo establecido, as/os mariscadoras/es que se relacionan no Anexo I presentaron solicitudes para a renovación do permiso de explotación para o marisqueo a pé.

Consideracións legais e técnicas

1. Este departamento territorial ten competencia para resolver este procedemento segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 decembro, de Pesca de Galicia modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira e a Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, modificada polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
2. Nas solicitudes formuladas apréciase a concorrencia dos requisitos necesarios para a renovación, establecidos na Orde do 15 de xullo de 2011, modificada polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro.
3. As persoas ás que lles corresponde a renovación, xunto coa solicitude, achegaron a documentación sinalada na orde anteriormente dita.
4. Unha vez estudados os expedientes e as solicitudes formuladas, compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos para a renovación do permiso de explotación.

Vistos os antecedentes, as consideracións legais e técnicas e de acordo co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, este departamento territorial no exercicio das súas competencias,

Departamento territorial de Celeiro - Lugo
Rúa Gerardo Harguindey Banet, 2 - 27863 Celeiro – Viveiro (Lugo)
Tfno: 982 55 50 15 – recursosmarinos.cmm.lugo@xunta.gal





RESOLVE

Conceder a renovación dos permisos de explotación de marisqueo a pé na modalidade de marisqueo xeral asociados á Confraría de O Barqueiro que aparecen relacionados no Anexo I desta resolución e coa vixencia que nel se determina.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer no prazo dun (1) mes un recurso de alzada ante o conselleiro do Mar contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Esta resolución notifícaselle ás/aos mariscadoras/es relacionadas no Anexo I consonte o artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

A directora territorial

María Carmen Gueimunde González





ANEXO I

Relación de mariscadores que renovaron o permiso de explotación a pé na modalidade de Marisqueo xeral na Confraría de O Barqueiro:

Solicitante	NIF/CIF	Permiso Tipo	Concesión Validez	SINATURA
ALVAREZ FREIRE SILVIA	***36919*	15C0800104Z8 Marisqueo xeral	27/05/2013 31/12/2025	
ARAUJO ALVAREZ MARIA CRUZ	***35332*	15C0800109Z8 Marisqueo xeral	09/07/2018 31/12/2025	
CUEVAS GALDO ISABEL MARIA	***64902*	15C0800026Z8 Marisqueo xeral	31/03/1998 31/12/2025	
GOMEZ CALVIN MARIA CRISTINA	***03799*	15C0800087Z8 Marisqueo xeral	31/03/1998 31/12/2025	
IGLESIAS FERNANDEZ MODESTA	***03771*	15C0800020Z8 Marisqueo xeral	31/03/1998 31/12/2025	
LAMELAS MASEDA LORENA	***36807*	15C0800107Z8 Marisqueo xeral	23/11/2016 31/12/2025	
MANSO CASAL SILVIA	***35441*	15C0800108Z8 Marisqueo xeral	09/07/2018 31/12/2025	
MURIAS RODRIGUEZ JOSEFINA	***11603*	15C0800081Z8 Marisqueo xeral	31/03/1998 31/12/2025	
POLO RODRIGUEZ JOSE MANUEL	***12687*	15C0800067Z8 Marisqueo xeral	31/03/1998 31/12/2025	
TRASANCOS POLO CRISTINA	***64486*	15C0800049Z8 Marisqueo xeral	31/03/1998 31/12/2025	

